



ANPE CONVOCA FOLGA NO SECTOR DOCENTE O DÍA 8 DE XUÑO

ANPE-Sindicato Independente convoca a tódolos docentes a secundar unha xornada de folga –o 8 de xuño- como fórmula para demostrar a desconformidade do profesorado da ensinanza pública coas medidas impostas por Zapatero de recorte salarial e fronte á conxelación das pensións dos xubilados docentes.

ANPE denuncia a irracionalidade dos argumentos esgrimidos polo Goberno pois os docentes non son os responsables do deterioro económico ocasionado pola mala xestión do Executivo. Os profesores españois son os únicos da OCDE que viron baixar o seu soldo durante os últimos anos. Levamos máis dunha década na que temos perdido máis do 20% do poder adquisitivo, como consecuencia de acordos insuficientes e sen cláusula de revisión salarial.

ANPE, facendo uso da nosa responsabilidade sindical, convoca a xornada de folga o día 8 de xuño facéndoa coincidir co mesmo día que o resto dos funcionarios para non causar máis perxucios á sociedade española, aínda que mantemos importantes diferenzas na nosa acción sindical cos demais convocantes.

As medidas que o Goberno pretende por en marcha non van a solucionar por sé mesmas a grave situación económica que vivimos, porque nin soubo prever nin xestionar a crise económica nin ten adoptado as medidas pertinentes para reducir o déficit provocado polo exceso de gasto público.

Resulta absolutamente inxustifico e contraditorio que cando temos estado durante todo un curso traballando para acadar un Pacto de Estado pola Educación no que se incluían medidas de recoñecemento á labor docente para incentivar e motivar ó profesorado, a resposta do Goberno ten sido non solo anular calquera expectativa de mellora económica senón que, ademais, pretendese reducir drasticamente o seu salario.

Por eses motivos, **ANPE** insta ó Goberno para que rectifique inmediatamente e evite que os funcionarios docentes e os pensionistas se convertan en pagadores dunha crise da que en modo algún foron responsables e **como representante dos funcionarios docentes do ensino público chama á folga para o día 8 de xuño a todo o profesorado de España e lles invita a participar en cantas medidas programemos antes ou despois de esa data.**

En Ourense a 18 de maio de 2010